


# RUMBO<sup>6</sup> ao FUTURO



EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

# ***Rumbo<sup>6</sup> ao futuro***

Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 6

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente  
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza  
[www.iessanclemente.net/edlg](http://www.iessanclemente.net/edlg)

Licenza: [creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0](http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0)  
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.  
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.  
Debes atribuír as obras aos autores.  
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.  
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: [www.iessanclemente.net/rumbo](http://www.iessanclemente.net/rumbo)

Contacto: [edlg@iessanclemente.net](mailto:edlg@iessanclemente.net)

Deseño editorial: Marcos Vence Ruibal  
Coordinación: Cristina Puga Fernández  
Revisión: Isabel Gamallo Gómez e Lourenço Álvarez Ruiz

Ilustracións:

Portada: Charlie Martínez  
Páxina 6: Rosalía Rodríguez Cruz  
Páxina 8: Pixabay/OpenClipart-Vectors  
Páxina 10: Nerea Alonso Iglesias  
Páxina 15: Óscar Montero Viqueira  
Páxina 21: Mónica Vidal Pena  
Páxina 26: [FreelImages.com/Ozan Uzel](http://FreelImages.com/OzanUzel)  
Páxina 31: Colectivo Alento Esbravexo

Impreso en Galiza: Create - Santiago de Compostela  
Primeira edición: Xuño 2021  
ISSN: 2529-8798  
Depósito Legal: C 809-2016



## ***Media ducia!***

Nesta publicación do EDLG, a sexta da serie *Rumbo*, recompilamos e damos visibilidade a todo o material que xuntamos durante este ano grazas aos concursos e certames que dinamizamos.

Lembrede que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

## ***Rumbo ao futuro***

Durante este ano tivemos que adaptarnos á chamada "nova normalidade" con reunións a distancia, leccións que deberían ser presenciais, tamén en liña... transformacións precisas para continuar traballando nesta realidade tan peculiar.

Ao final, cantos destes cambios, principalmente baseados na tecnoloxía, chegaron para ficar? O futuro... xa chegou?

## ***Índice***

11º concurso de felicitacións de aninovo.....	4
6º certame de relato breve.....	6
6º certame de microvídeos.....	18
34º concurso literario.....	19
11º concurso europeo de marcapáxinas.....	28
1º concurso de proxectos innovadores / Roteiro Rosalía de Castro.....	29
Proxectos eTwinning.....	30
Outras actividades.....	31

# 11º concurso de felicitacións de aninovo

Marcos Javier González Mallo


1º premio






Alejandro Rey Otero

2º premio



Iago Codesido de la Fuente

3º premio




## **6º certame de relato breve**

### ***Marzo infinito - Ismael Alonso Lorenzo***

Hai case un ano que son insubmisdo do calendario. Negueime daquela a abrir a paréntese e mentres as novas chegaban e a tose e as febres ocupaban as rúas, eu vivía aínda en marzo; abril naceu morto.

As oito da tarde para min son sempre noite desde marzo e alá por xullo, cando os aplausos presaxiaban vitoria, eu pechaba as contras, metíame na cama e pensaba no terceiro trimestre que comezaba. Negueime a abrir a paréntese e tiña e teño medo de toda porta que se abre sedutora sen dar-me cavilla para poder pechala.



Alí segue marzo de 2020 na miña cociña. É testemuña da espiral na que vivo e dos miligramos de química que cada mañá almorzo para poder lembrar os berros de rapaces ceibos xogando nas rúas. Se algún día me levaren preso, só pediría o meu marzo infinito; a proba do meu delito; o último mes que vivín. Deixádeme, dádeme por morto. Nin por min nin para min pasou o tempo, pois este ano maldito que xa din que remata, só existiu nas vosas mentes, se é que fostes quen de arrincar as súas páxinas.

## ***Berros - Sergio Gómez Lajos***

Desconecto os auriculares, gozo da compañía de Nach, pero é bastante tarde así que levántome para ir ao baño. Ao saír pola porta do cuarto noto o frío do corredor. Vivo nun soto que se utilizaba como un antigo garaxe, o cal estou reformando para convertelo nun fogar. Pero por agora segue sendo un frío soto.

Cando estou pola metade do corredor detéñome, xuraría que acabo de escoitar a alguén berrar fora da casa. Quítolle importancia e continuo a andar. Uns pasos máis adiante volvo a escoitalo, desta vez claramente.

Quedo quieto, ás escuras, arrepiéntome de non ter o costume de acender as luces. Detrás miña, a porta principal, miro para ela, obsérvoa un longo tempo, ata que recordo que non está pechada.

Diríxome á porta, e elevo as mans, para evitar un golpe dela, xa que se abre empuxando, e non é a primeira vez que alguén abre a porta e me marca o canto na cara.

Os berros continúan, coloco as mans na porta, e acércome á mira para observar o exterior. Non vexo nada. Pódeme mais a curiosidade que o medo, inspiro profundamente e abro a porta amodo.

Miro fixamente cara ao farol da pista. Non quito a mirada da luz, ata que aparece. Unha raposa, que levanta a cabeza e pega un berro que me deixa abraiado, acto seguido continúa o seu camiño.

Tardo un par de minutos en reaccionar. Pregúntome por que un animal gritaría como unha persoa mentres me dirixo de volta ao interior.

Entro no cuarto e séntome na cadeira do escritorio coa raposa na cabeza.

Póño-me a buscar en Google algunha explicación, o primeiro resultado déixamo claro. As raposas berran desa forma cando están en celo.

Satisfeito, miro para a cama, non creo que poida dormir. Nach terame que facer compañía un anaco máis..



## ***O indómito número pi - Antom Labranha Barrero***

Circunferencia viu pasar un soberbio sombreiro de copa envolto nunha bandeira multicolor. Despótico e altivo, exhibía presuntuoso o seu imperial poderío a ombros dun esforzado xornaleiro que agochaba a súa humilde condición baixo un raído suadoiro.



Ansiosa, deu un chimpo onda o sombreiro e díxolle:

– Se non é moito preguntar, vostede que raio ten?

– Eu? – respondeulle fachendoso – O da cabeza deste coitado que me carrega polo mundo.

Entón Circunferencia faloulle ao obreiro:

– Que raio ten a súa cabeza?

O malpocado respondeu:

– O que Don Sombreiro precise para asentar.

Padecía ela dun atávico desasosego, herdado de tempos bíblicos, de cando a construción do Templo de Salomón. Seducido por Circunferencia, o rei dos xudeus ordenou fundir un disco de prata de 5 cotobelos<sup>1</sup> de raio.


---

<sup>1</sup> Cotobelo: Antiga medida antropomórfica, que refire unha distancia media entre o cóbado e a punta dos dedos dun individuo adulto. Había variacións dun lugar a outro. O "cotobelo de ribeira", por exemplo, equivalía a uns 57 4cm).

Entrenzando brillantes fíos de ouro, compuxo persoalmente un deslumbrante cordel de  $31'4$  cotobelos de longo, para orlaren o disco. Porén, o dourado adival non alcanzou e aí lle quedou a Circunferencia un minúsculo buraquiño, unha eiva que continúa aflixíndoa.

O sabio Salomón, coñecedor dos misterios espirituais e dos enredos materiais, non podía acreditar:

– Sendo  $\pi=3'14$  e  $L=2\pi\cdot r$ , debera cadrar á perfección. Oh, Señor! perdóame ter adorado deuses estranxeiros. Libérame deste enigma que me atormenta!



Talvez as circunferencias sexan os obxectos matemáticos máis sedutores de cantos haxa, quizais por seren primordialmente democráticas: Idénticas en todos os puntos; todos eles equidistando dun centro imaxinario por medio do cal a colectividade conserva o equilibrio. Todos os puntos individuo sábense así iguais, sen xerarquías, sen privilexios.

Só o raio as singulariza, porque establece un tamaño, unha prelación entre elas, facendo a unhas grandes mentres outras fican pequenas. Porén, as circunferencias conservan a simetría de seu natural e recoñécense homoxéneas na súa esencia. Non como lles acontece ás comunidades humanas, que dexeneran en relacións de dominio e clases sociais, mesmo en miserias.

## ***Margarida - Ione Morales Rodríguez***

Ser unha flor non é unha tarefa sinxela, mais ser unha Margarida aínda menos. Dende que eu nacín existen certas categorías entre nós, as flores.

Na primeira categoría están as Rosas, que se colonias, que se romance, que se nas películas... A cuestión é que todo o mundo as quere sempre. Agora resulta que entraron nesta categoría tamén as orquídeas - a beleza exótica esa - e os cactos - o claro exemplo de que os humanos teñen unha obsesión coas relacións tóxicas, eu xa o levo avisando moitos anos -.

Logo estamos “as outras”, todas as demais. Están as hortensias, os tulipáns, as papoulas, os caraveis... Aquelas das que ás veces se lembra alguén, ou que teñen algún momento histórico que as faga especiais, pero “tampouco son para tanto”.

Nese grupo estou eu. Vaia, eu, os trevos, e os dentes de León. O trío caveira, diría miña avoa, o trío desafortunado digo eu.

Primeiro foi o trevo - o da familia dos Catro -, creo que non vin a alguén vivir tan pouco... En canto lles asomaban as follas aparecían para arrincalo.

Despois o dente de León, humanos absolutamente obsesionados con soprar e soprar para que se lles cumpran soños estúpidos. Unha vez berrámoslle a unha: “Que terá que ver o noso compañeiro con que che toque a lotería, Manuela!”, non fixo nin caso.

E logo estou eu, co meu momento álxido. Cun trastorno bipolar que me fai abrir e pechar os pétalos rotando entre lila e branco, entre noite e día.



Pero ata eu co meu trastorno ben diagnosticado digo: que necesidade habrá de torturarme arrincando un tras outro os meus pétalos? Se non te quere, dá igual o que eu diga. Serán só confesións de tortura.

## ***Un día máis - Noelia Acuña Martínez***

Soa o espertador.

Levo un tempo esperta, e aínda así só alcanzo a coller o móbil e apaga-la alarma mentres volvo a facerme bóla na cama.

Outro día máis. Un día máis para sobrevivir.

Hoxe debo ir a clase. Son máis de seis horas... e eu non teño forzas.

A miña gorxa faise un nó impedíndome respirar. E pregúntome por que, se eu respiro polo nariz. Pero a vida éche así: un día éncheste de forza e promesas que non poderás cumprir, e o día seguinte morrerías por ese fío. Non cómpre entendelo.

Castígome por seguir na cama, á vez que me consolo porque hoxe non son capaz de nada e ninguén debería culparme. Porque o estou intentando, de verdade que o fago, mais cada vez respiro peor. Quero tirar do meu cabelo e raspar aquelas marcas que me recordan que houbo unha época na que todo era peor.

Certo, esquecérame. Xa estiven no inferno e non penso volver.

E mentres os meus pensamentos vagan dun a outro, finxo non saber do paso do tempo, e de que estou paralizada. Ás veces compórtame coma una nena pequena que pensa que se se agocha e non se move ninguén pode notar a súa presenza. A súa penosa presenza.

E claro, agora xa é tarde. Tarde para todo, pero decido centrarme en que faga o que faga xa non chegarei a tempo a clase. “Xa non vou”, determino. Como se fose a conclusión obvia, coma se non fose culpa miña.

Pero si que o é, e seino.

Entón intento volver durmir para esquecer o meu fracaso, o fracaso que son, intentando convencerme de que isto non volverá pasar, que non podo volver a caer. Porque de alí nunca se sae, e eu xa saín unha vez.

Non haberá outra.

## ***Fragamoura - Damian Garrido***

Levabamos pouco tempo ensaiando naquela nave industrial, recoñezo que polo camiño, ao albiscar o lugar dende o coche invadíume unha sensación de desasosego, pero non lle din importancia. Era noite pechada, cando todo semella diferente e misterioso, as sombras se apoderan dos recunchos e en cada lugar séntese unha atmosfera particular.

Segundo nos informou o propietario, o lugar fora noutro tempo un negocio, con movemento de xente traballando día e noite. Un edificio vello pero que para nós era suficiente, alomenos polo pago económico do alugueiro mensual.

Todo ía perfectamente, ao fin tiñamos un lugar onde tocar a nosa música. O negativo era o apartado que se atopaba, sen veciños na contorna e o frío que pasabamos en pleno novembro, quedando alí ata as tantas da noite.

A nave estaba dividida en diferentes salas e adoitabamos facer descansos sentados ao redor dunha antiga mesa, para tomar café e falar un chisco. Entre cafés e cancións, as ganas de mexar metéronseme no corpo, camiñei ás présas ata o retrete que se atopaba ao fondo, nunha esquina pouco iluminada. A miña vista, afeita xa á escuridade, enxergou uns ollos vixiantes, que dende o escuro alumeaban ollando para min dun xeito ameazador. Sentín o mexo quente esvarar polas miñas coxas e nun intre atopeime de volta contando o acontecido aos meus camaradas.

Collemos unha lanterna no coche e armados cun ferro fomos á procura daquel ser que dende a escuridade agardaba impasible. Alberte o batería, que fora vixiante e non se arremaballaba, ía diante de todos. Aqueles ollos estraños seguían os nosos movementos, ata que Alberte enfocou cara ao recuncho. De súpeto, un chíó encheu o silencio da noite e un moucho saíu voando por enriba das nosas cabezas.

Aínda hoxe ensaiamos en Fragamoura, a aventura daquela noite non a esqueceremos endexamais.



## ***Ciclos (vitais) - Carme Otero Cruz***

Hai momentos, como o actual, nos que precisamos Desabafar A Mares (DAM). Así que aquí vai a miña vacina dixital. Canto máis acceso a datos, a redes ou a aplicacións web, o noso sistema operativo monoposto bloquéase, como se un virus se apodera dos nosos fundamentos de hardware.

Case sen decatarnos, mudamos a nosa configuración a modo SMR (Sentir Moita Rabia). A rúa inundouse de salvapantallas (FP media ou superior) e deixamos de recoñecernos, gardando distancia de seguridade e baixa dispoñibilidade. Tornámonos un remedo de máquinas virtuais, desenvolvendo interfaces para non tocarnos, só contactless.

Infelizmente, os nosos novos contornos de desenvolvemento atragóansenos. Pasamos moito tempo en multiplataformas, demasiados Zoom e Webex que fan abalar o noso software. U-la Diversión Antes da Wifi (DAW)? É hora de abriremos unha xanela para que corra o 5G e evitar, deste xeito, o fallo de sistema.

Na nosa programación virtual Agora Soñamos con Illas Remotas (ASIR). Quen nos dera poder surfear nas táboas dinámicas de Java! Saudade daqueles anos de Erasmus! Apenas planificamos redes de amizades online, unhas bases de datos relacionais que fican perimetradas no ciberespazo.

Tik-Tok! Tik-Tok! Como deberiamos facer para desmatricularnos deste algoritmo? Nin copia de seguridade necesitamos. Xa correron suficientes convocatorias e validamos máis dun ano de vida. É tempo de recuperarmos o espírito Ubuntu, resetear e comezar a pensar no proxecto de final de pandemia.

En fin, urxe unha montaxe e mantemento diferentes, darlle ao fol para avivar os abrazos e recuperar a Esperanza De Liberar Gargalladas (EDLG). Iso é, a nosa futura empresa e iniciativa emprendedora: conseguir volver a Festexar Como Tol@s (FCT). Será cuestión, como case sempre, de apagar e volver a acender?

\*Calquera parecido coa informática é pura vida confinada.

## ***Esa chamada - Rosa Castiñeiras Fariña***

Sonche as dúas da mañá dun sábado e soa un ton. O teléfono. Que tarde! É imposible non pensar que algo malo ocorreu. Pasaríalle algo a Marcelo? Non, non se pode pensar dese xeito. Simplemente chama alguén que non se decatou da hora. Pero, e se non é así? Que pasaría?

Eu son nai. E para unha nai é imposible non preocuparse, de día ou de noite, polas pequenas criaturas que saíron das súas entrañas. O meu neno. Ese neno que creceu no meu interior. Ese neno que aleitei, estrullando os peitos, pero a súa vida dependía diso. O meu Marceliño, mira que era falcatruero. Sempre espertaba famento sobre as dúas da mañá.

Xa estou colocando as zapatillas, cando soa o seguinte ton xa vou de camiño. Pena non ter o aparato ao lado da cama, non precisaría saír dela para poder responder. Pero a máquina está no corredor, para que fose máis accesible dende calquera cuarto da casa. Existen uns teléfonos sen fíos, moi modernos, que se poden mover por toda a casa. Pero son a batería, polo que cando non se utilizan deben de estar repousando na base. Para isto non me serven.

Estou saíndo pola porta do cuarto e soa o terceiro ton. En realidade, eu xa estaba esperta antes de que soase o primeiro deles. Xa estaba esperando pola chamada antes de que sucedese. Así che somos as nais. Sempre alerta. Sempre nas peores situacións.

A un paso do teléfono comeza a soar o cuarto ton. E se non contesto? Será mellor evitar as malas novas? Se non respondo, xa non son capaz de durmir. Xa debe ser urxente para chamar a estas horas.

– Mamá? Son Marcelo. Non te preocupes, non pasou nada grave, pero...

## ***Crecedemento, deterioración - Ignacio David Valls Bordera***

Cando chego a casa sempre hai un cuarto ao que temo entrar, cada vez que abro a porta parece que o tempo se esfumase, que me achego ao precipicio do esquecemento e un vento quente lánzame á nada, despois de tantos recordos vividos alí, que non quede nada ségueme sorprendendo.

Por suposto, sempre que a miña man toca o pomo o mesmo nó no estómago, a mesma pregunta na miña cabeza.

– Esta vez, ao entrar, desaparecerei eu?

Entro no cuarto da nada, sinto a calor da cheminea, o son da madeira crepitando e o cheiro ao castiñeiro queimándose.

O esquecemento érguese da cadeira e dá un paso cara a min, alonga a súa man chea de engurras (unha por cada derrota que lle deu a vida), eu ao velo non podo evitar apertar a mandíbula.

Colle a miña man, achégase para observar o meu rostro, eu tento reunir todas as miñas forzas para debuxar un sorriso na miña cara.

Esta vez serei eu? Serei eu? Serei eu?  
Serei?...

Eu suspiro, el toma alento, sorrí e di:

– Mozo, ti coñeces o meu neto? Hai moito que non me vén ver.



## ***Familias Desavindas - Luis Pérez Vázquez***

Nunha noite de chuvía polas interminables rúas de Porto, unha muller camiñou lentamente e con coidado ata o paso de peóns buscando un taxi para chegar a casa rapidamente. Despois duns minutos, comezou a chegar un taxi Mercedes-Benz cunha cor amarela fluorescente, luces verdes e sons de metal. A pesar do mal aspecto, necesitaba urxentemente o transporte, polo que decidiu chamar o taxi, que para a súa sorpresa era o fillo de Paco.

Ton: De todas as estrelas, atopei a máis fermosa...

Catalina: Sempre foches amable comigo, aínda que as nosas familias teñen algunhas rivalidades...

Ton: Entra rápido que chove, levareite para casa de balde.

Catalina sobe ao coche feliz de poder falar co seu home, coa súa infancia e soñar coa amiga. Despois de 5 minutos, a rapaza gañou o valor de preguntarlle...

Catalina: Entón... como vai a túa vida? Tes moza?

Ton: A miña ex-moza enganoume cunha muller, aínda non podía aceptalo e estou moi doído pola actitude que tiña comigo porque sempre a tratei ben.

Catalina: Sei que a trataches ben porque sempre me trataches ben... "demasiado ben" para ser amiga.

Ton: Nunca quixen ser o teu amigo... nunca me viches así.

Catalina: Pero xa vexo...

Cando chegaron á casa de Catalina, facía calor e por iso decidiron organizar unha cea para falar deles e do pasado.

Catalina, abre a porta, entra na casa e comeza a camiñar cara ao dormitorio pensando en Ton e en todo o que pasaron para chegar a ese punto da súa relación.

## ***Alma esmorecida - Javier Fernández Peón***

Xurdín dunha alma esmorecida. Todo comezou de novo, as ringleiras lumínicas que entran pola ventá ó amencer, o latexar verbal da xente no mercado, as animosas brincadeiras dos rapaces que xogan no parque, a túa voz...

Neste mundo, nesta incipiente consciencia atopo a razón de ser revivida e anovada. Atrás, no pasado, naquel escuro túnel do que nada sae, onde a memoria se dilúe na cobizosa penumbra que todo o invade, queda a sensación triste de esquecer aquilo polo que rir ou chorar, de perder o que se é, de deixar de sentir aquilo ó que chamabas vida, a perda do fío que tecía os recordos, o abandono do barco da memoria.

Non sei se agora é coma antes, pode que o que consigo recordar non sexa certo e real, pero, que é real?, Onde está o límite do lexítimo? Pódese ser sen estar?

Onde comeza a dignidade humana?...

Levo tempo dándolle volta na cabeza a estas cuestións, son un agradable pasatempo que me conecta de novo co pensamento, coa vida consciente da miña mente.


Agora podo verte, tocarte, oírte... pero sobre todo podo sentir que es ti, que ese rebumbio no xardín son os nenos perseguindo os paxaros, que no reflexo do espello hai un sentido, que son eu, a miña consciencia, a identidade artificial dun implante cerebral que me devolveu o lado máis humano da miña existencia.



## 6º certame de microvídeos

No sexto certame presentáronse once traballos. Foron seleccionados todos e publicados na lista de YouTube correspondente:

[i.gal/yt-edlg](https://i.gal/yt-edlg)



## **34º concurso literario**

### **1º premio na modalidade de poesía**

#### **Que ganas - Charlie Martínez**

Que ganas de ensaiar ben a mellor música  
percorrer as notas cos teus ollos  
subir, flotar, sentir o corpo voar libre na auga.

Que ganas de acender o corazón e deixalo que funcione ao máximo un intre  
escribir o libro de cada un coa mellor letra  
para borrar, tachar, emendar e debuxalo por completo.

Que ganas de tomar un taxi ata a lúa e volver nun cabalo de carrusel, co anel.  
Volver descubrir os misterios sen resolver que se esconden nas espirais das  
ata chegar á cabeza e ordenar un pouco os mobles [orellas  
e quitar o po cun pano, ata que brillen o suficiente  
como para que a conciencia estea limpa

Que ganas de amencer coa felicidade  
de quen non pode durmir esperando ese amencer  
con esa ansiedade, con esa alegría.

Meter goles cos ollos pechados, a confianza suprema do ser ínfimo  
que porque é feliz é máis ditoso que o que non se decata  
de que todos teñen o potencial para ser felices  
e só por iso, adoita sufrir.

E nos meus delirios e os meus soños  
e os meus desexos infantís  
doume conta de que a arte é inmensamente imperfecta aínda:  
Podo facer unha canción e podes sentirte reflectida, ou reflectido,  
pero ningún pintor nin fotógrafo logrou aínda debuxar un espello onde  
[poidas verte

Que ganas de cambiar isto.

**2º premio na modalidade de poesía**  
**Leoa - Ione Morales Rodríguez**

Teño dentro, moi fondo  
unha leoa que non para de ruxir.  
non fai *miau* porque non é un gatiño  
fai *roar* e acompañao a gadoupadas.

Lembro a miña felina de hai uns anos:  
era pequena e rebuldeira,  
mordía pero non facía ningún dano  
Mordía pero endexamais sen ser boa.

Lembro respirar e escoitar un ronrón,  
mais agora hai garras afiadas pola traquea,  
-sinto medo-  
Teño as súas gadoupas percorrendo os pulmóns, de paseo.

Teño dentro, moi fondo  
unha leoa que non para de ruxir.  
non fai *miau* porque non é un gatiño  
fai *roar* e acompañao a gadoupadas.

Cando estou calma, serea sen mar,  
sinto a leoa chorar.  
Pensa que non a escoito pero esquece  
Que aquí -no meu peito-, sinto ese mesmo lastre.

Acariño o seu lombo e rompe a tempestade,  
a leoa roxe e eu  
-anoxada tanto ou máis-  
carpo coas súas gadoupas o meu corpo.

“Non podes comigo, leoa!  
Son forte, escoitas?  
Leoa, muller son e muller rota,  
Se nada teño e nada perdo...  
Onde te vas meter?”

Teño dentro, moi fondo  
unha leoa que non para de ruxir.  
non fai *miau* porque non é un gatiño  
fai roar e acompañao a gadoupadas.

No peito por dentro *O resplandor*,  
-o meu sangue e o seu-,  
Tremendo a leoa, acurrúchase;  
na súa esquina miaña, agora quere ser gata.

“Muller son e muller rota, leoa...  
muller de cascallos como lousas,  
muller sonora e loitadora.  
Muller desgarradora”

Teño dentro, moi fondo  
unha leoa que non para de ruxir.  
non fai *miau* porque non é un gatiño  
fai *roar* e acompañao a gadoupadas.

Teño dentro, moi fondo  
unha gatiña que non para de miañar.  
non fai *roar* porque non é unha leoa  
fai *miau* e acompañao a ronrons.

Son por fóra, de sempre  
unha leoa que non roxe nin miaña,  
que mira e axexa, que cala e aborrece,  
que argalla calada a seguinte táctica.

Son por dentro unha selva  
de animais salvaxes domesticados,  
de animais domésticos asilvestrados,  
de animais.

***Accésit na modalidade de poesía***

***Entre o ceo e o mar - Conchy Álvarez***

Son feliz á túa beira  
Son feliz neste lar  
Eu séntome ao carón dunha  
     árbore  
Ti navegas sucando o mar  
O tempo corre despacio  
Mentres o meu corazón está a  
    latexar  
E eu pregúntome a cada intre  
    cando voltarás  
Porque teño saudade da a túa presenza  
    Porque sóñoote ás noites xa  
    Porque perdo tanto por ti a  
        cabeza  
    Que ás veces dóeme ata  
        espertar  
Entón acendo o lume e agardo  
    E penso nos días que nos  
        quedarán  
Para vivirmos xuntos amándonos  
    Sen ter que endexamais  
        esperar.



## **1º premio na modalidade de relato**

### **O outono - Helena Beceiro Caglia**

En outono caen as follas das árbores, aínda que só daquelas chamadas caducas. Quizais é porque, coma os iogures, chégalles a data de vencemento. Tamén pode que sexa a súa maneira de poñerse en folga para protestar contra os atentados ó medio ambiente. Ou incluso que cheguen a un nivel de saturación tan grande, que decidan botar un peso e soltar as follas como acto de liberación.

Mostrar que estás deprimido diante de alguén é parecido a quedar espido diante desa persoa. Non sei se as árbores se avergoñarán das súas ramas. Pode ser que as follas e as flores sexan só aderezos que busquen cubrilas, a modo de maquillaxe.



Existen outro tipo de árbores ás que as follas non lles caen nunca. Chámanlles perennes. Perenne significa que dura sempre ou moito tempo. Un dos meus profesores do ciclo conta que cando dicimos que un pen drive ou un disco duro son para sempre non é certo, xa que a esta premisa deberíamos engadirlle a condición humana. “As memorias externas duran o que as coides. Se andas a patadas con elas, acabarán morrendo”. As persoas facemos cousas irracionais como podar o pelo cando nos rompen o corazón. Sempre se di que a natureza é sabia pero son poucas as plantas con espiñas.

Non sei se as follas perennes quererán marchar ou murchar coma as súas curmás caducas. Quizais tamén lles puxeron un toque de queda.

## ***2º premio na modalidade de relato***

### ***Covid-19 - Paula Diz Parrondo***

Desde que isto comezou todo semella distinto.

Lembro o día que na escola soubemos que teríamos que ficar na casa un tempo. Ao día seguinte quedei na cama toda a mañá mentres a miña irmá falaba coas amigas. Eu quería ir visitar a Manolito, o meu mellor amigo. O seu avó prepara uns doces deliciosos... Mais os meus pais dixéronme que non se podía saír porque era perigoso, que para iso quedabamos na casa.

Foi divertido colocar toda a comida que trouxeron: leite, ovos, macarróns... Seica axiña sería Nadal?

Non voltamos á rúa, tan só o facían mamá ou papá.

Empezaron a enviar os deberes da escola por email; non me apetecía, pero atopei unha aplicación coa que podía falar con Manolito e o seu avó, e xa me gustou máis coller o ordenador.

Levamos moitos días na casa, semellan anos! Só sei que os luns os profes envían exercicios, mais xa perdín a conta de cantos van.

O mellor seguen a ser as chácharas de Manolito e o seu avó. Prometeume

facer un biscoito para cando remate todo isto.

Xa hai días que Manolito non se conecta e non parolamos.

Miro un canciño nunha fiestra do edificio de en fronte, move o rabo cando o saúdo. Non é coma Manolito, mais é simpático. Chameino Riso, porque me fai rir cando o vexo. Pero Riso non fala, só move o rabo.

Manolito non quere conversar. Gústalle parrafear cando está o seu avó, pero a derradeira vez que falamos o seu avó xa non estaba. Disque tivera que marchar mirar a tose.

Desde que non falo con Manolito todos os días son iguais, excepto os luns e os seus deberes.

E o Riso, que sempre estará no edificio de en fronte.

### ***Accésit na modalidade de relato***

#### ***Gustavo - Rosa Castiñeiras Fariña***

– Non me pidas que me calme! – Gritei toda anoxada. Son as dez e vinte da noite dun sábado e Gustavo acaba de chegar de ver o partido. – Hoxe quedaremos para ir a cear coas miñas amigas!! Fai moito que non as vexo, sabías que para min era importante.

María e Xiana son as miñas amigas da infancia. Pese a que cada vez nos vemos menos, tratamos de manternos en contacto, polos vellos tempos. Eu fun a primeira en botar mozo e deixei-lles de dedicar tanto tempo.

Actualmente, Xiana está traballando na Alemaña, polo que só vén dúas veces ao ano a visitarnos, momentos nos cales aproveitamos para poñernos ao día. Casou cun valenciano e tiveron un neno, Mateo, hai catro anos. Están feitos unha familia de película: el é enxeñeiro de camiños, namentres que ela é arquitecta técnica. Cousas da vida! Aquí non puideron atopar traballo e probaron sorte no estranxeiro, obtendo moi bos resultados.

Porén, María é mestra de inglés. Aínda non logrou conseguir praza fixa, polo que cada ano sempre se está preparando para os exames de xuño. Con isto das listas tócalle cada curso nunha vila distinta: Gondomar, Lalín, A Garda... Pese a que ela visita máis decotío a vila, sempre anda ás présas e nunca coincidimos. Leva seis meses coa súa nova parella, unha rapaza de Compostela que coñeceu nun dos exames da oposición. Xa vai para un ano que están xuntas, e a cousa parece que se pon seria: hai un par de meses mudáronse para o mesmo apartamento.

Así, por unha cousa ou por outra, raras veces podemos coincidir as tres, sexa soas para tomar un café ou, como hoxe, coas nosas parellas para ir a cear. A Gustavo non lles caen nada ben as miñas amigas. Considéraas camanduleiras e lerchas. Sempre bufa cando lle digo que as vou ver, xa que non lle gusta que me xunte coa súa compañía. En realidade, non lle gusta que me xunte coa compañía de ninguén. Para el, a esposa ideal queda na casa coidando os cativos, limpando e cociñando, para que cando el chegue canso de traballar atope todo impoluto.



Gustavo tampouco me impide que quede con outras nais da escola, pero sei que non é do seu agrado que o faga. Como eu quero ser do seu agrado para que non haxa liortas, é raro o día no que quedo con elas por lecer.

Nós casamos moi novos e a primeira crianza non tardou en chegar. Eu tiña dezanove anos e el vinte e tres. María e Xiana non estaban convencidas con este casamento, sempre me aconsellaron que me merecía a alguén mellor. Daquela, Gustavo era o único do grupo que traballaba, como soldador, e cumpríame todos os caprichos: saír a bailar á Condesa, irmos un fin de semana a Manzaneda, regalarme roupa nova...

No comezo do noso matrimonio comecei a traballar como costureira, pero esa profesión requiríame moito tempo a partir do nacemento do noso primeiro fillo, Carlos, e xa non tiña folgos para dedicarllos á casa. A Gustavo gústalle chegar á casa e poder descansar e desconectar logo dunha longa xornada laboral.

Temos dous nenos. A segunda, Carme, é soamente un ano menor que Carlos. Eu non quería ter máis nenos, xa que un só da moitas tarefas, e nunca me sobra tempo libre para quedar e desconectar. Pero para Gustavo as familias decentes teñen dous nenos, por iso fomos apresuradamente a polo segundo. E nós queremos ser unha familia decente.

– Importante? Importante era verme a cea preparada, e non pintarte como te pintaches. Meu ben, as túas amigas non son importantes. O único que pretenderon dende que nos coñecemos foi separarnos, envexa é o que senten. Non considero importante quedar con esa panda de señoritos que non saben o que é traballar. Mellor quedamos ti e eu sós aquí, na nosa casa, e aforrámonos perder o tempo con xente que non che desexa o ben.

## ***11º concurso europeo de marcapáxinas***

Este ano participaron no proxecto eTwinning Letras Galegas 2021, 25 centros educativos galegos e estranxeiros.

No concurso de marcapáxinas (actividade central do proxecto) recibimos 192 traballos de diversos centros de Galicia, La Rioja e Portugal.

O gañador do primeiro premio foi un dos alumnos do IES San Clemente.

Repartíronse nove premios en total, por valor de 405 euros.

[i.gal/cce-edlg](http://i.gal/cce-edlg)



**1º premio:**  
**Sergio Gómez Lajos**



## ***1º concurso de proxectos innovadores***

Nesta actividade cada participante elaborou unha idea para o desenvolvemento dun proxecto de fin de ciclo superior, relacionado coa lingua galega. As propostas debían ser orixinais, inéditas e innovadoras.

- 1º premio: Sergio Gómez Lajos, Xogo "Séculos Escuros".
- 2º premio: Charlie Martínez Bourio, Sist. Operativo para persoas maiores.
- 3º premio: José Ángel Rubicco Ferro, Supermercado seguro.
- Accésit: Javier Carrillo Freiría, Corrector/tradutor de galego.

## ***Roteiro de Rosalía de Castro***

Iniciamos un percurso que nos leva a diferentes zonas da xeografía galega (e quen sabe, tal vez mundial) relacionadas con Rosalía de Castro. A actividade continuará nos próximos anos.

<https://i.gal/rot-edlg>

**1º premio:**

**Noelia Acuña Martínez**





## ***Proxectos eTwinning***

O EDLG coordinou dous proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo:

- Décimo primeira edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Décimo primeira edición de ***Letras Galegas***, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.

Ademais:

- Obtivemos o ***Selo de Calidade Europeo eTwinning*** por un proxecto do EDLG dos anos 2018/2019 (1SMR) e 2019/2020: *Pek, a Pulga Viaxeira 5*.
- Obtivemos o ***Selo de Calidade Nacional eTwinning*** en España, Portugal e Italia, por un proxecto do EDLG do ano 2019/2020, no que traballou alumnado de 1SMR, 2SMR, 1ASIR e ASIRm: *Letras Galegas 2020 - Ricardo Carvalho Calero*.
- Celebramos o Día Internacional da Internet Segura, requisito para renovarmos o ***Selo eTwinning School***.

Podedes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

[www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning](http://www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning)





## Outras actividades

Neste ano o EDLG colaborou co Obradoiro da Igualdade en varias das actividades do Plan Proxecta "Donas de si". Unha delas, a coprodución do podcast "Exóticas" para Radio Maré (EOI de Vilagarcía de Arousa), cuxo programa sobre Xela Arias gañou o III Concurso de Podcasts-Radio na biblio da Consellaría de Educación.

[www.iessanclemente.net/iproxecta](http://www.iessanclemente.net/iproxecta)



Por mor da situación sanitaria, as nosas exposicións itinerantes non viaxaron por outros centros, pero podemos dicir que continúan a súa andaina no mundo dixital. Podesdes ler este artigo de Antom Labranha, xefe do departamento de Matemáticas, sobre Isaac Díaz Pardo e a exposición "MatematicARTE":

[www.iessanclemente.net/?s=esbravexo](http://www.iessanclemente.net/?s=esbravexo)



## ***Outras actividades***

O EDLG vén de estrear un novo andel no corredor do primeiro andar, ao lado da sala 23, onde podedes atopar todas as nosas publicacións, novas adquisicións e "A viñeta de Schrödinger", revista de banda deseñada en galego.



Se queredes suxerir algún título para comprarmos, enviádenos un correo electrónico:

[\*\*edlg@iessanclemente.net\*\*](mailto:edlg@iessanclemente.net)

Para finalizar, non esquezades que podedes desfrutar da lista de reprodución de música en galego e contribuír coas vosas propostas.

[\*\*www.iessanclemente.net/tag/musica\*\*](http://www.iessanclemente.net/tag/musica)





CHARLIE MARTINEZ  
2021